


HERRERO INGELMO, José Luis (2024): *Es un roble. La vegetalización del ser humano: Historias de metáforas cotidianas*. San Millán de la Cogolla: Cilengua / Fundación San Millán de la Cogolla (Colección Monografías del Instituto Historia de la Lengua, 23): ISBN 978-84-18088-43-8, 373 pp.



A metáfora, figura retórica que en esencia presenta como idénticos dous termos distintos entre os que se establece unha identidade baseada na semellanza, xa suscitara o interese do profesor José Luis Herrero Ingelmo no seu traballo de 2018, ¡*Es un animal! La animalización del ser humano: historias de metáforas cotidianas* (Madrid: Ediciones del CSIC), que documenta o nacemento e a evolución ata a actualidade das metáforas animais nos textos e nos dicionarios. No volume que aquí presentamos, *Es un roble. La vegetalización del ser humano: Historias de metáforas cotidianas*, o autor fai un pormenorizado estudo sobre as metáforas baseadas no mundo vexetal, empregadas para referirmonos ás características físicas e psicolóxicas do ser humano e ao seus comportamentos. Aparecen distribuídas en dous grandes grupos: as metáforas humanas

vexetalizadoras (como en «*Es fuerte como un roble. Es un roble*») e as metáforas obxectuais vexetalizadoras, que se refiren ás partes do corpo (como *coco* ‘cabeza humana’ *coloq.* en «Ay, no me dé en el *coco*, que desde pequeñito tengo pus en el oído»). Agás o grupo das metáforas baseadas nas flores e nas árbores, a maior parte das metáforas protagonizadas polos diferentes tipos de vexetais son metáforas de significado negativo.

O traballo está organizado nunha introdución, catro capítulos, un apartado de referencias bibliográficas e tres anexos ao final do volume que permiten chegar con rapidez á información das distintas metáforas contidas nos capítulos precedentes.

O capítulo 1, *Los vegetales y el hombre*, sitúa a actividade metafórica dentro das relacións do home co mundo vexetal. As respostas á necesidade de alimento, medicina, vivenda, vestimenta e ornamentación que o ser humano ía atopando no mundo vexetal quedan reflectidas nas manifestacións culturais das distintas comunidades. A mitoloxía, por exemplo, botou man do *loureiro*, o *narciso*, a *anemone* ou o *xacinto* nas súas metamorfoses poéticas. A relixión, que considera a árbores sagradas como templos dos deuses, emprega a *figueira* (hindús), a *aciñeira* (celtas) e o *tileiro* (xermanos). Nos textos bíblicos aparecen plantas que apuntan a realidades espirituais (a *silveira*) ou a mensaxes metafóricas (o Edén é o xardín paradisíaco).

En xeral, as árbores sempre representan ideas nobres ou positivas. Como un dos símbolos máis estendidos, a árbore é a vida do universo, o eixe vertical que une o ceo e a terra. No

cristianismo é a cruz coa que Xesús Cristo redime o mundo, o símbolo da resurrección, da existencia da vida eterna. O *carballo* e a *aciñeira* formaban parte do culto a Xúpiter e sempre se asociaron á forza e á resistencia. A *oliveira*, consagrada a Atena (Minerva), é a árbore da paz e da vida. As árbores de folla perenne, como o *abeto*, o *piñeiro* e o *ciprés*, representan a inmortalidade. O *loureiro* e a *palma* representan a vitoria. No ámbito das plantas, que poden apuntar ideas positivas ou negativas, o *fento* representa a humildade solidaria, a franqueza e a sinceridade. O *trevo* é o símbolo da boa sorte e o *abrollo*, pola contra, é o símbolo do pecado, da esterilidade e das fatigas do mundo (en plural). As flores evocan en xeral as ideas de fecundidade, fugacidade, beleza, amor, espiritualidade e inmortalidade. Cada unha ten o seu ámbito de significación: *amaranto* = amor duradeiro, inmortalidade; *azucena* = pureza, virxindade; *begonia* = cordialidade; *camelia* = orgullo; *flor de lis* = realeza; *gardenia* = sinceridade; *xacinto* = alegría do corazón; *xasmín* = amor voluptuoso; *lila* = amizade; *lirio* = pureza; *margarita* = confianza; *mirto* = forza do corazón; *pensamento* = pensamento afectuoso; *rosa* = amor, vida, xuventude; *violeta* = amor oculto. Entre as que representan ideas negativas atópanse a *malva* = pena do corazón; o *narciso* = egoísmo, vaidade; e o *nenúfar* = indiferenza.

No que atinxe aos froitos, a *mazá* evoca o froito da árbore da ciencia do ben e do mal e quedou como símbolo dos desexos humanos, o pecado, a tentación e a discordia. A *vide* e a *uva* significan sacrificio e fecundidade e o *viño* aparece con frecuencia simbolizando a xuventude e a vida eterna.

Do mesmo xeito que xorden animais inventados (*harpía*, *basilisco*, *dragón* e *fénix*), tamén hai vexetais froito da imaxinación das xentes (o *olocanto*, árbore que anda; a *veloz*, planta que voa; e as *suplicantes*, algas que soan) e plantas lendarias como a *mandrágora*, empregada en medicina como narcótico e tamén en rituais máxicos.

No capítulo 2, *Los nombres de los vegetales*, o autor achega unha descrición semántica dos distintos termos e intenta clasificalos en función da etimoloxía, dos nomes compostos e derivados e do seu uso como antropónimos e topónimos. Apunta que non todos os referentes vexetais chegan aos dicionarios xerais (hai uns 4000 no dicionario académico, soamente os coñecidos e empregados habitualmente pola maior parte da comunidade de falantes dunha lingua) e os que quedan fóra, relegados a comunidades máis pequenas, os chamados nomes *vernáculos* ou *locais*, xorden no entorno máis inmediato dos falantes. Nestes casos, o punto de partida da súa cuñaxe son as características da planta (aspecto, color, olor, sabor, tacto) e das súas partes (flor, folla, froito, tallo), do seu hábitat ou das súas propiedades terapéuticas, como acontece no caso dos nomes científicos.

Atendendo á diversidade do léxico botánico, baseada na súa procedencia e na súa formación, José Luis Herrero detense na orixe de case douscentas metáforas vexetalizadoras da lingua castelá, que organiza segundo o fondo hereditario do latín (como *cardo* ‘arisca’, ‘fea’ ou *roble* ‘fuerte’), das linguas prerromanas (como o vasco *chaparro* ‘bajo’, ‘grueso’) e dos préstamos (como o arabismo *alhelí* ‘inocente’ ou o galicismo *canela* ‘excelente’). Entre os nomes derivados con significados metafóricos, considera os derivados denominais (como *achaparrado* ‘bajo’, ‘grueso’), os deverbais (como *aplatanado* ‘tonto’, ‘deprimido’ ‘indolente’), os parasintéticos (como *abellotado* ‘grosero’), diminutivos / aumentativos

(como *lechuguino* ‘cursi’ ou *vainazas* ‘descuidado’, ‘gandul’), casos de composición sintagmática (como *árbol caído* ‘derrotado’ ou *perita en dulce* ‘de excelentes cualidades’) e de compostos léxicos (como *pimpollo* ‘atractivo’, ‘rollizo’).

O capítulo 3, *Metáforas humanas vegetalizadoras*, é o máis extenso da obra (pp. 48-272). Está dividido en tres partes ben definidas. Primeiro describe e comenta as metáforas clasificadas nestes grandes grupos: 1) metáforas xenéricas; 2) metáforas referidas aos diferentes tipos de vexetais (froitas, árbores, hortalizas, flores, tubérculos, herbas, gramíneas, leguminosas e outras plantas); 3) metáforas baseadas en especias e 4) metáforas baseadas nas partes dos vexetais. Nun segundo momento clasifica e explica os significados metafóricos segundo 5) os trazos físicos, psicolóxicos e morais; e 6) as idades, as profesións e as relacións interpersoais. Remata o capítulo co grupo 7) metáforas como insultos.

Cada unha das entradas destas metáforas humanas vexetalizadoras presentan unha información moi completa: a definición do sentido recto (segundo o dicionario académico), a primeira documentación lexicográfica (recollida no *Nuevo Tesoro Lexicográfico de la Lengua Española*), e a primeira documentación textual (en corpus académicos: CORDE, CREA e CORPES XXI). Estas primeiras documentacións son importantes para entender a historia da palabra canda o xurdimento e a vitalidade do sentido metafórico. A entrada remata co significado metafórico e a súa presenza nos dicionarios, nos textos ou Internet, cando hai escasa o nula documentación.

No apartado dedicado aos trazos físicos, psicolóxicos e morais, o autor indica que hai máis metáforas referidas a estes últimos pois o interese está centrado, sobre todo, na maneira de ser e de comportarse do ser humano. E as características negativas, que tamén se poden converter en insultos, dobran as positivas, o que permite albiscar unha visión crítica da condición humana. Así aparecen mencionadas *alcornoque* ‘tonto’, *media naranja* ‘persona que se adapta al gusto y carácter de otra’, *trigo limpio* ‘buena persona’, *malva* ‘dócil, sumisa’; *garbanzo negro*, *mala hierba* e *manzana podrida* ‘mala persona’. Entre as metáforas referidas aos trazos físicos positivos, aparecen *pimpollo* ‘niño o joven especialmente guapo, agraciado o bien vestido’ e *junco* ‘esbelto’ ‘delgado’. Entre as referidas aos trazos negativos, *rosa de pitimini* [do francés *petit* ‘pequeño’ e *menu* ‘menudo’] e *rosa de invierno* empréganse para referirse ás persoas enfermizas ou delicadas de saúde; *cardo* ‘fea’ (tamén ‘áspera, antipática, de mal carácter’), *comino* ‘pequeña’ e *vegetal* ‘persona que no tiene vida activa’.

Non son moi numerosas as metáforas referidas ao ámbito das idades e case todas aparecen nas variedades americanas do español. O neno é un *poroto* en Chile, o adolescente é un *jilote* en México, o home mozo é un *aguacate* en Cuba, o home adulto é unha *coliflor* en Chile e unha persoa vella é unha *pasa* (*pasita*) en Arxentina, México, Paraguai e Uruguai.

Na contorna familiar, un fillo é un *retoño* ou un *vástago* e un/unha descendente é unha *rama*. Por extensión, un conxunto de persoas é unha *piña* e un colega é un *tronco*. Entre as profesións, a de axente de seguridade é a máis metaforizada e sempre cun valor negativo. En España aparece *madero* para policía, *aceituno* / *pepino* para garda civil e *guindilla* para policía/garda municipal. Os escoltas da clase política son *batatas* en Arxentina.

A vexetalización dunha persoa, canda a súa animalización ou cousificación, é unha maneira máis de deshumanizala, de negarlle os trazos propios do seu ser, de degradala. Na literatura española medieval e dos Séculos de Ouro, xa aparecen as metáforas como insultos dentro da liña misóxina, maiormente no teatro popular e na poesía satírica, onde aparecen *chaguarzo* ‘torpe’, *fusca* ‘insignificante’ e *mastuerzo* ‘tonta’.

O capítulo 4 atende as *metáforas obxectuais vexetalizadoras* referidas á anatomía humana. Analiza os nomes vexetais empregados nas metáforas, documenta as partes metaforizadas e considera os tropos herdados e os tecnicismos científicos. Como estas metáforas están baseadas en similitudes morfolóxicas non moi delimitadas, a polisemia sempre está presente na súa interpretación. As entradas deste capítulo soamente indican as primeiras documentacións lexicográficas e textuais cando non comparten un significado humano, por iso son máis breves. Ademais, as partes do corpo obxecto de metaforización se empregan como eufemismos nun uso coloquial oral e polo tanto con menos rexistros na escrita. Gran parte destas metáforas aluden aos xenitais e, en gran medida, ao órgano sexual masculino. Entre a 56 metáforas que se recollen, aparecen *alcachofa*, *apio*, *carozo*, *cebolla*, *cebolleta*, *espárrago*, *pepino*, *plátano*, *rábano* ou *zanahoria*. No caso das metáfora herdadas, o profesor José Luis Herrero Ingelmo considera as que xa están na etimoloxía grega e latina como *amígdala* (‘almendra’ / ‘órgano de nódulos linfáticos’), *glante* (‘bellota’ / ‘cabeza del pene’), *glándula* (‘bellotita’ / ‘órgano de secreción’), *neumococo* (‘grano’ / ‘microorganismo’) ou *úvula* (‘uvita’ / ‘campanilla’).

Os anexos finais son listaxes alfabéticas que facilitan e axilizan as consultas sobre as distintas metáforas. Así, o anexo 1 ofrece a relación de metáforas humanas vexetalizadoras que aparecen no volume con indicación do seu significado, o número da páxina na que aparece a súa información, os derivados e compostos, os nomes da flora americana, o ano da primeira documentación e a referencia á clasificación dos vexetais (xenéricas, froitas, árbores e arbustos, hortalizas, flores, tubérculos, herbas, gramíneas, leguminosas, especias e outras). O anexo 2 enumera os trazos físicos, psicolóxicos e morais das metáforas humanas vexetalizadoras e o anexo 3 compila e localiza as metáforas obxectuais vexetalizadoras (partes do corpo).

As metáforas máis espontáneas están asentadas sobre os obxectos e a realidade máis familiares, máis próximas. Por iso, botar man do mundo vexetal na creación de tropos para referírmonos aos trazos físicos, psicolóxicos e condutuais do ser humano é garante dunha grande eficacia expresiva nas interaccións comunicativas. Achegarse a este traballo de José Luis Herrero Ingelmo, *Es un roble. La vegetalización del ser humano. Historias de metáforas cotidianas*, supónlle a calquera persoa interesada nestas figuras retóricas unha estupenda oportunidade para deleitarse no poder suxestivo das palabras e a súas imaxes, así coma nas vicisitudes do seu acomodo na lingua.

M. Carmen Losada Aldrey

Universidade de Santiago de Compostela (España)

ORCID: 0000-0001-7181-3939

mcarmen.losada@usc.es